



LOCALIZACIÓN E CONTACTO

Casa da Xuventude N° 11- bis (Verin)

Teléfonos: **988.41.47.76**

Fax: **988.41.22.59**

Email: inmigracion@verin.net

O horario de atención ao público é:

Mañás: De luns a venres, de 09:30 a 14:00.

Tardes : Martes e Xoves de 16:00 a 18:00

A Oficina de Atención ao Inmigrante é un dispositivo creado para integrar ao colectivo de inmigrantes residentes no municipio de Verin. A súa finalidade é velar polo cumprimento e desenvolvemento da posta en marcha de instrumentos e mecanismos que cubran as carencias específicas dos inmigrantes con actuacións realizadas no ámbito local.

Para levar a cabo este programa o Concello de Verin conta coas subvencions da Secretaria xeral de Emigración (Consellería de Presidencia) Xunta de Galicia; destinadas a favorecer os procesos da Acollida e Integración da poboación Inmigrante.

RECURSOS HUMANOS

A oficina conta cun equipo humano formado por:

Técnico/a en Integración Social

Traballadora Social

Asesoría Xurídica

Desde a Oficina Municipal de Atención ao Inmigrante realízase un traballo coordinado con

outros sistemas de protección social, vivenda, sanidade, traballo, educación e coa iniciativa social, co obxecto de prestar unha atención integral e efectiva ao inmigrante, que é o seu principal obxectivo.

As características desta poboación fan que se considere que están en risco de exclusión xa que presentan carencias a nivel de emprego, vivenda, educación, saúde, recursos económicos. A esta situación engádese un descoñecemento mutuo entre nacionais e estranxeiros das diferenzas culturais.

ACCÍONS E FUNCIONAMENTO

A oficina actúa como primeiro acolledor das demandas dos usuarios, canalizando e derivando estas cara a outros servizos e realizando accións de:

- Recepción e valoración de demánda

- Información e asesoramento en cuestións sociais así como establecemento de medidas de apoio á inserción social e laboral

- Información e asesoramento en cuestións legais por profesionais especialmente cualificados

Para a realización destas accións trabállase en coordinación con outros sistemas de protección social, asociacións, Servizos Sociais, traballo, educación, sanidade, vivenda, etc. Co fin de ofrecer unha atención integral e evitar duplicidade nas actuacións.